



1. CARACTERÍSTICAS DO PERFIL DE CONTROL DE INR

1.1. Criterios de inclusión

Criterios xerais
- Pacientes que aceptaron a inclusión no programa despois de ter sido informados. A aceptación debe quedar rexistrada. - Accesibilidade aos recursos tecnolóxicos necesarios. É preciso que o paciente dispoña dun teléfono móbil e de ordenador (PC) /con conexión a Internet. - Pacientes con coñecemento (aínda que sexa básico) das ferramentas necesarias para a telemonitorización, ou ben que teñan un coidador que poida darlles o soporte preciso para a súa utilización e para rexistrar/transmitir a información.
Criterios específicos
- Pacientes a tratamento con anticoagulación oral (ACO) que precisan control de INR. - Se lles facilitará coagulómetro.

1.2. Biomedidas

INR	
Periodicidade	Cada mes/segundo teña indicada na pauta de tratamento de ACO. O paciente realizará autoanálise do INR pola mañá (entre as 07:00 horas e as 10:00 horas).
Condicións	Ter en conta medicamentos potenciadores (AINE, AAS, clopidogrel) ou inhibidores do tratamento de ACO. Así como que o alcol e algunhas verduras diminúen o efecto dos anticoagulantes (grelos, espinacas, coles, coliflor, chícharos e xudías verdes).
Obxectivos de control	Entre 2.0 e 3.0.
Controis	Control vermello: - Aparición de hemorraxias. - INR < 2.0 ou > 3.0.



Presión arterial (OPCIONAL)

Periodicidade	Cada mes. O paciente realizará automedida da presión arterial pola mañá (entre as 07:00 horas e as 10:00 horas).
Condicións	Fará 2 medidas de presión arterial, con 1-2 minutos de espera entre elas.
Obxectivos de control	- Tensión arterial sistólica (TAS) 100 a 135 mmHg . - Tensión arterial diastólica (TAD) 70 a 85 mmHg.
Controis	Control amarelo: - TAS: entre 90 a 100 mmHg e de 136 a 150 mmHg. - TAD: entre 60 a 70 mmHg e de 85 e 90 mmHg. Control vermello: - TAS: < 90 mmHg ou > 150 mmHg. - TAD: < 60 mmHg ou > 90 mmHg.

Frecuencia cardíaca (OPCIONAL)

Periodicidade	Cada mes. O paciente realizará automedida da frecuencia cardíaca pola mañá (entre as 07:00 horas e as 10:00 horas).
Condicións	Fará 2 medidas de frecuencia cardíaca, con 1-2 minutos de espera entre elas.
Obxectivos de control	- Entre 60 e 80 pulsacións por minuto (ppm) en repouso. - Entre 90 e 115 ppm durante o esforzo moderado. - O 20% da frecuencia cardíaca máxima teórica durante o esforzo máximo.
Controis en repouso	Control amarelo: Entre 45 e 60 ppm ou entre 80 e 110 ppm. Control vermello: < 45 ppm ou > 110 ppm.



Índice de masa corporal (IMC) (OPCIONAL)	
Periodicidade	<u>Periodicidade</u> : Unha vez ao mes o paciente realizará unha medida pola mañá (entre as 07:00 horas e as 10:00 horas). Cunha marxe de adherencia de ± 72 horas con respecto aos horarios indicados.
Condicións	Tomarase a medida usando unha báscula dixital, có paciente espido, ao erguerse pola mañá, despois de ouriñar e antes de almorzar.
Obxectivos de control	$IMC < 25\text{kg/m}^2$
Control	Control amarelo : IMC entre 27 e 29,9 kg/m^2 Control vermello : $IMC > 30\text{kg/m}^2$



1.3. Cuestionarios

Enquisa paciente anticoagulado			
Preguntas			
1. Fixo algunha modificación no seu tratamento dende a última visita?		Si	No
2. Toma algún fármaco novo dende a última visita?		Si	No
3. Deixou de tomar algún tratamento dende a visita anterior?		Si	No
4. Esqueceuse ou non tomou algún día o seu T.A.O.?		Si	No
5. Fixo algunha modificación na súa dieta habitual?		Si	No
6. Estivo enfermo dende a última visita?		Si	No
7. Tivo diarrea?		Si	No
8. Vomitou algún día despois de tomar o T.A.O.?		Si	No
9. Toma o seu T.A.O. aproximadamente á mesma hora?		Si	No
10. Tivo vostede algunha hemorraxia?		Si	No
11. Modificou o consumo de bebidas alcohólicas?	Increme ntado	No	Decrem entado
12. Presentou alteración na sensibilidade ou na mobilidade de partes do seu corpo?		Si	No
13. Ten outros comentarios que facer?		Si	No
Periodicidade: cada mes o paciente, antes de realizar a análise, deberá responder este cuestionario. En caso de que a resposta a algunha das preguntas do cuestionario sexa afirmativa, é importante que o profesional sanitario realice actuacións ao respecto.			



Test Morisky and Green		
Preguntas	Si	Non
1. Esqueceuse algunha vez de tomar os medicamentos?		
2. Toma os medicamentos ás horas indicadas?		
3. Cando se atopa ben, deixa algunha vez de tomarlos?		
4. Se algunha vez lle senta mal, deixa de tomar a medicación?		
Periodicidade: cada 6 meses o paciente responderá ao cuestionario.		
No caso de que a resposta a algunha das preguntas do cuestionario sexa afirmativa, é importante que o profesional sanitario realice actuacións ao respecto.		

1.4. Prazos

Prazo de resposta do profesional

No caso de que haxa algún parámetro fora do rango de referencia, é importante que o profesional sanitario realice actuacións ao respecto nun prazo razoable:

Control amarelo:

- Presión arterial e frecuencia cardíaca. Prazo máximo de resposta do profesional 7 días

Control vermello:

- INR: prazo máximo de resposta do profesional 1 día.

- Presión arterial e frecuencia cardíaca: prazo máximo de resposta do profesional: 3 días.

Duración da prescripción de teleseguimento

A duración por defecto será a data de prescripción + 1 ano, pero o prescriptor poderá modificar a data se así o considera.



1.5. Información para o paciente

Fibrilación auricular: guía para pacientes	A través da <i>plataforma É-Saúde</i> do Servizo Galego de Saúde https://esaude.sergas.es/ , pódese acceder aos diferentes servizos e contidos de saúde, entre os que se atopan a información sobre a fibrilación auricular. https://escolasaude.sergas.gal/Contidos/Documents/415/Fibrilacion_Auricular.pdf
Guía para o paciente en tratamento anticoagulante oral Sintrom^R. Preguntas máis frecuentes	Estas recomendacións pódense localizar na páxina web <i>fisterra.com</i> , a través do seguinte enlace: http://www.fisterra.com/Salud/3proceDT/anticoagulacion_GUIA.asp https://www.fisterra.com/Salud/3proceDT/anticoagulacion.asp
Automedición da presión arterial (AMPA)	As recomendacións para a automedición da presión arterial pódense localizar na páxina web <i>fisterra.com</i> , a través do seguinte enlace: http://www.fisterra.com/ayuda-en-consulta/informacion-para-pacientes/automedicion-presion-arterial-ampa/
O exceso de peso e a obesidade	No portal web <i>Xente con Vida</i> da Consellería de Sanidade, pódese atopar información sobre o sobrepeso e a obesidade, na dirección: http://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Articulo/cat/1/art/24/o-exceso-de-peso-e-a-obesidade
Consellos para reducir o consumo de sal na dieta	No portal web <i>Xente con Vida</i> da Consellería de Sanidade, pódese atopar información sobre a redución do consumo de sal na dieta, a través do seguinte enlace: http://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Articulo/cat/1/art/29/reduce-progresivamente-o-consumo-de-sal



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE



SERVIZO
GALEGO
de SAÚDE

**Subdirección Xeral de Planificación
e Programación Asistencial**